

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

ORDE do 12 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a participación de persoas creadoras galegas en residencias literarias fóra de Galicia, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento CT215D).

De acordo co establecido no artigo 32 do Estatuto de autonomía de Galicia e en consonancia co estipulado no artigo 148.1 da Constitución española, a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de promoción da cultura. No marco deste ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en diante, a Consellería) está orientada a manter o impulso do sector cultural galego, que, ademais de representar un factor determinante para a identidade e a cohesión social, representa unha oportunidade de desenvolvemento económico que se debe reforzar con políticas proactivas encamiñadas a fortalecer o ecosistema das industrias creativas e culturais, ao tempo que se garante o pleno acceso á cultura de todas as persoas.

A Consellería ten entre as súas principais funcións a defensa e a promoción dos valores culturais do pobo galego, que se substancian principalmente a través das accións de fomento da cultura que contribúen ao desenvolvemento da literatura e o estímulo da creación literaria.

A Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, establece entre os seus obxectivos o de procurar a promoción dos creadores e creadoras galegos en todos os ámbitos, incluído o internacional. Por esta razón, a Consellería desenvolve actividades relacionadas coa promoción da produción creadora, tanto dentro coma fóra do territorio da Comunidade, consonte o establecido no marco competencial vixente. As actuacións encádranse na política baseada na identidade e na internacionalización da cultura de Galicia a través dos correspondentes intercambios intelectuais. A finalidade última é crear novas vías de internacionalización da cultura, abrindo o abano a diferentes escaparates e actividades de creación literaria susceptibles de seren desenvolvidas en residencias creativas, tanto nacionais coma internacionais.

Por esta razón, a Consellería, a través da Dirección Xeral de Cultura, desenvolve un plan de residencias para profesionais da creación literaria de Galicia que realicen estadias en residencias creativas fóra de Galicia, a través desta convocatoria de axudas públicas.



Os programas de residencia constitúen estadias de duración variable, dirixidos a persoas creadoras, de distintos ámbitos culturais, para a súa formación, investigación ou creación, a partir de propostas de proxectos no marco da súa disciplina. Á parte, promoven a mobilidade e facilitanlle aos seus residentes o espazo e os recursos adecuados para desenvolver o seu traballo desde a reflexión, ao tempo que contribúen a impulsar o contacto con outras culturas e creadores, favorecendo o establecemento de redes, fundamentais na contorna cultural actual.

En cumprimento das competencias desta consellería en materia de promoción da cultura e estímulo da creación literaria, esta orde regula as subvencións dirixidas ás persoas profesionais da creación literaria galegas que realicen estadias en residencias literarias fóra de Galicia.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta convocatoria ten por obxecto establecer as bases reguladoras do procedemento de concesión de subvencións para estadias en residencias literarias que se realicen fóra de Galicia, dirixidas a profesionais da creación literaria galegos para fomentar a difusión da cultura galega e o impulso de relacións de cooperación con outros organismos e centros culturais de referencia (código de procedemento CT215D).

As estadias terán como finalidade que as persoas creadoras realicen a tradución das súas obras, que a súa estadia sexa necesaria para o proceso de investigación previo á creación da obra obxecto da residencia ou que precisen dun espazo e ambiente de traballo que lle permita continuar co desenvolvemento dun proxecto xa iniciado.

2. Para os efectos desta orde, considéranse persoas creadoras as definidas polo artigo 5.1 da Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e a lectura de Galicia: as que interveñen no proceso de creación do libro nos correspondentes labores de escritura, tradución, deseño gráfico e ilustración do libro.

3. Obxectivos específicos:

– Difundir e potenciar o desenvolvemento do sector cultural galego, visibilizando a riqueza e a calidade dos profesionais da creación literaria galegos.



– Facilitarlle espazos adecuados de traballo en institucións para apoiar o desenvolvemento dos seus proxectos, a formación ou o acceso a novos coñecementos.

– Impulsar as relacións entre institucións e profesionais do sector.

– Ampliar a novos territorios e públicos a actividade cultural galega establecendo pontes con outros profesionais e institucións de fóra de Galicia.

4. As axudas están dirixidas a apoiar o sector da creación literaria galego no que se refire aos gastos derivados da súa estadía en residencias fóra de Galicia entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 15 de decembro de 2023.

5. Esta orde regula as subvencións a persoas profesionais da creación literaria galega en residencias creativas fóra de Galicia.

6. Así mesmo, ten por obxecto convocar as subvencións para o ano 2023.

Artigo 2. *Principios de xestión*

A xestión deste procedemento realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non-discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 3. *Normativa aplicable*

No desenvolvemento desta orde observarase o disposto nas seguintes disposicións:

– Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia.

– Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

– Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

– Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma.



E, suplementariamente:

– Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, reguladora dos requisitos de concesión e xustificación de subvencións concedidas na Administración do Estado. Nesta lei recóllense artigos de carácter básico que resultan de aplicación á normativa desta comunidade autónoma e, consecuentemente, a esta orde de convocatoria.

– Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

– Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

– Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas.

– Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

Artigo 4. *Financiamento*

1. As axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 10.04.432A.781.4 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia por un importe máximo de 20.000 €.

2. Este importe inicial pode ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias, o que poderá dar lugar ao incremento da contía total das subvencións, de acordo co disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen que dea lugar á apertura de novo prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 5. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións establecidas nesta orde aquelas persoas físicas, autónomas ou non, a que se refire o artigo 1 da presente orde:

Persoas físicas, sexan autónomas ou non, que interveñan no proceso de creación do libro nos correspondentes labores de escritura, tradución, deseño gráfico e ilustración do libro que acrediten esta condición e que desenvolvan o seu traballo no ámbito da Comunidade Autónoma galega.



2. As persoas solicitantes deben estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. As axudas establecidas nesta orde para apoiar as persoas autónomas creadoras galegas na estadía en residencias creativas quedan suxeitas ao Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE do 24 de decembro de 2013, L352/1).

4. As axudas deberán cumprir as condicións de exención e os límites sinalados no Regulamento (UE) nº 1407/2013. A contía total das axudas *de minimis* concedidas a unha empresa non poderá exceder os 200.000 € nun período de tres exercicios fiscais. Este limiar aplicarase independentemente da forma da axuda ou do obxectivo perseguido. As axudas *de minimis* non se acumularán con ningunha axuda estatal correspondente aos mesmos gastos subvencionables se a dita acumulación dá lugar a unha intensidade de axuda superior á establecida para as circunstancias concretas de cada caso pola normativa comunitaria.

5. O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas garantías previstas no artigo 31.4 da dita lei.

6. As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con calquera outra que puidese ser concedida para a mesma finalidade. Non obstante, o importe da axuda en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concorrencia con subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da acción que levou a cabo a persoa beneficiaria.

7. Para acceder ás subvencións previstas nesta convocatoria as persoas beneficiarias deberán estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de axudas públicas.

8. Persoas excluídas:

a) Non poden beneficiarse das subvencións recollidas nesta orde aquelas persoas solicitantes que se encontren nos supostos previstos nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



b) Aquelas persoas que se encontren sancionadas administrativa ou penalmente coa perda da posibilidade de obtención de subvencións públicas, ou incorran en algunha prohibición legal que as inhabilite para iso, con inclusión das que se produzan por discriminación de sexo, de conformidade co disposto na disposición derradeira sexta da Lei 4/2005, do 18 de febreiro, para a igualdade de mulleres e homes.

Así mesmo, as persoas beneficiarias deberán cumprir os restantes requisitos establecidos pola Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 6. *Gastos subvencionables*

Só se financiarán os gastos realizados que respondan de xeito directo e indubidable á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para a súa realización:

1. Gastos de viaxe.

1.1. Inclúe os gastos asociados ao desprazamento (ida e volta) da persoa participante ao lugar de realización da residencia.

O importe concedido non poderá superar os seguintes límites económicos segundo o destino das persoas participantes na residencia:

- España: ata 500 €/persoa.
- Europa e países ribeiregos do Mediterráneo: ata 900 €/persoa.
- Resto do mundo: ata 1.600 €/persoa.

Para o cálculo do orzamento dos traslados facendo uso do automóbil, aplicarase o establecido na Orde EHA/3770/2005, do 1 de decembro, pola que se revisa o importe da indemnización por uso de vehículo particular que queda establecida no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, que queda fixado en 0,19 € por quilómetro percorrido. Aceptaranse tamén gastos de peaxe debidamente xustificadas.

1.2. A Xunta de Galicia non asumirá en ningún caso os gastos de repatriación en caso de enfermidade ou falecemento das persoas subvencionadas a través desta orde.



2. Gastos de transportes internos.

Inclúe os gastos xerados polo uso de medios de transporte para desprazamentos na localidade ou localidades de realización da residencia apoiada, incluíndo gastos xerados polos traslados desde e cara ao aeroporto ou estación de chegada ou partida; ou gastos para o desprazamento entre localidades se a participación da persoa creadora ten lugar en distintas localizacións; ou gastos xerados polo traslado cara a ou desde a localidade de realización da residencia cando o traxecto cuberto polo billete principal, incluído dentro dos gastos de viaxe, non cubra a totalidade do percorrido.

3. Gastos de aloxamento e manutención.

3.1. Corresponde cos gastos xerados durante a estadía da persoa participante no lugar de realización da residencia. O establecemento de hospedaxe elixido debe ter capacidade de emitir factura, sexan establecementos hostaleiros ou a propia institución organizadora da estadía.

3.2. O importe subvencionado por gastos de aloxamento non superará os seguintes límites económicos segundo o destino das persoas participantes na residencia:

- España: ata 100 €/persoa e día.
- Europa e países ribeiregos do Mediterráneo: ata 150 €/persoa e día.
- Resto do mundo: ata 120 €/persoa e día.

3.3. O importe subvencionado por gastos de manutención non superará os seguintes límites económicos segundo o destino das persoas participantes na residencia:

- España: ata 40 €/persoa e día.
- Europa e países ribeiregos do Mediterráneo: ata 60 €/persoa e día.
- Resto do mundo: ata 50 €/persoa e día.

4. Gastos de subscripción dunha póliza de seguro de viaxe.

4.1. Corresponde cos gastos de contratación dunha póliza de seguro que cubra os gastos das eventualidades que poidan xurdir durante a viaxe das persoas creadoras subvencionadas.



4.2. A subscrición da póliza de seguro de viaxe será de obrigado cumprimento para os casos das persoas creadoras galegas subvencionadas que realicen a estadía no estranxeiro.

5. Gastos de subscrición dunha póliza de seguro médico.

5.1. Corresponde cos gastos de contratación dunha póliza de seguro que cubra os gastos das eventualidades de saúde que poidan xurdir durante a estadía das persoas residentes.

5.2. Para o caso das persoas creadoras galegas subvencionadas que realicen residencia en España, este gasto non será exixible, xa que poderán facer uso da tarxeta sanitaria galega en todo o territorio.

5.3. Para o caso das persoas creadoras galegas subvencionadas que realicen residencia en calquera país da Unión Europea, este gasto será exixible no caso de non contar coa tarxeta europea de saúde.

Deberán acreditar a posesión e vixencia da tarxeta sanitaria europea antes de seren subvencionadas.

5.4. Para o caso das persoas creadoras galegas que se despracen a países extracomunitarios, a subscrición da póliza de seguro de saúde será de obrigado cumprimento e cubrirá, polo menos, os gastos de repatriación, gastos de hospitalización e gastos médicos.

Artigo 7. *Contía da axuda*

A contía da axuda determinarase sobre os límites máximos de gastos subvencionables.

1. Adxudicaranse as subvencións por orde de puntuación unha vez aplicados os criterios e as limitacións orzamentarias establecidas neste artigo, asegurando que o importe final adxudicado a cada persoa beneficiaria sexa o 80 % do orzamento solicitado, ata esgotar o orzamento da convocatoria.

2. O importe máximo co que se subvencionará a cada persoa beneficiaria por cada estadía en que participe será de 5.000 €, e non se admitirá máis de 1 proxecto por beneficiario.



Artigo 8. Requisitos de participación

1. As persoas solicitantes deberán contar coa aceptación expresa de participación na residencia para a que soliciten a axuda a través desta orde.

2. As persoas solicitantes presentarán un proxecto de creación por estadía na residencia para a cal soliciten subvención.

Proxecto de creación. Documento que non exceda as 10 páxinas e que deberá incluír:

- Título e texto explicativo do proxecto literario que desenvolverá na residencia.
- Perfil da entidade ou institución onde vaia ter lugar a residencia para a cal solicita a axuda.
- Currículo resumido da/do creadora/or.
- Expediente artístico. Os/as creadores/as poderán achegar información sobre outros traballos.
- Carta de motivación.
- Obxectivos que agarda acadar.
- Orzamento desagregado por partidas ou conceptos que inclúa calquera gasto que xere a intervención (impostos incluídos). Non poderán ser incluídos os gastos de edición.

3. As persoas solicitantes deberán contar cun compromiso de edición da obra resultante do proxecto presentado por parte dunha editora legalmente constituída, que deberán confirmar de forma expresa para que as solicitudes sexan tomadas en consideración.

4. As persoas beneficiarias da subvención deberán garantir as seguintes características nas obras resultantes da estadía en réxime de residencia:

a) Idioma. As obras resultantes das estadias en réxime de residencia obxecto de subvención deberán estar correctamente realizadas en galego, segundo o disposto na lexislación vixente (disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e nas Normas ortográficas e morfolóxicas aprobadas pola Real Academia Galega).



b) Propiedade intelectual. As persoas participantes responderán da orixinalidade e autoría dos proxectos obxecto de subvención e deberán garantir que posúen lexitimamente todos os dereitos de propiedade intelectual sobre eles e, neste senso, garanten o uso pacífico por parte das entidades organizadoras eximíndoas de calquera responsabilidade por danos e perdas que, directa ou indirectamente, o incumprimento pola súa parte desta garantía puidese ocasionar.

c) Difusión da actividade desenvolvida durante os períodos de residencia. As persoas creadoras beneficiarias comprométense a mencionar que parte do desenvolvemento da obra tivo lugar durante o período de residencia subvencionada pola Xunta de Galicia.

Artigo 9. *Estadías excluídas*

Non serán obxecto de subvención mediante a presente convocatoria aquelas solicitudes que estean incluídas nalguna das seguintes epígrafes:

a) Aquelas estadías en residencias que organice directamente a Xunta de Galicia ou calquera outra Administración galega.

b) As estadías que non respondan directamente ao proceso de creación dunha obra para a cal a persoa creadora solicitante conte co compromiso de edición expreso.

c) Aquelas cuxa finalidade non sexa a obtención dunha obra para publicar.

Artigo 10. *Presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, segundo o modelo que se incorpora como anexo I.

2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

3. Para presentar as solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).



As persoas potencialmente beneficiarias das subvencións reguladas nesta orde pertencen a colectivos de persoas cuxa formación e capacidade técnica permiten concluír que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios para relacionarse por este medio co sector público autonómico.

Artigo 11. *Prazo de presentación de solicitudes*

1. O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 31 de outubro de 2023.

2. Non serán admitidas en ningún caso solicitudes presentadas fóra do prazo e da forma establecida nesta orde.

Artigo 12. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) De ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa ou entidade que actúe en nome da persoa solicitante. A representación deberá acreditarse a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón: <https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados>

b) Proxecto de creación segundo o estipulado no artigo 7.2.

c) Documentación, debidamente formalizada, acreditativa da aceptación de participación na residencia para cuxa estadía solicita a subvención.

d) Documentación, debidamente formalizada, acreditativa do compromiso de edición da obra resultante do proxecto presentado por parte dunha editora legalmente constituída (contrato de edición ou calquera outro documento acreditativo).

2. A documentación que se achegue coa solicitude debe vir obrigatoriamente nunha das dúas linguas oficiais de Galicia ou, noutro caso, acompañada da súa correspondente tradución, certificada pola persoa solicitante, que será responsable da súa veracidade.

3. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os docu-



mentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada a calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada a súa achega.

4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

5. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

6. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

7. No caso de que algún dos documentos que se pretende presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 13. *Comprobación de datos*

1. Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:



- DNI ou NIE da persoa solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante.
- NIF da entidade representante, de ser o caso.
- Alta no imposto de actividades económicas (IAE), de ser o caso.
- Certificado de estar ao día no pagamento do imposto de actividades económicas (IAE) ou da exención do pagamento, de ser o caso.
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social, de ser o caso.
- Certificado de estar ao día no pagamento de débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Consulta de concesións de subvencións e axudas.
- Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- Consulta de concesións pola regra *de minimis*.
- Certificado de domicilio fiscal.
- Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Artigo 14. *Emenda das solicitudes*

Se a documentación presentada for incompleta ou presentar erros emendables, requirirase a persoa solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles, rectifique a falta ou ache-



que os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se lle terá por desistida da súa solicitude, segundo o disposto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, logo de que se dite a oportuna resolución ao abeiro do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 15. Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 16. Instrución do procedemento

1. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

2. Correspóndelle á Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro a instrución do procedemento de concesión de subvencións e desenvolverá de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

3. Ás solicitudes que se axusten aos requisitos establecidos nesta convocatoria asignaráselles a cantidade resultante para o cumprimento da finalidade desta orde.

4. A adxudicación das subvencións realizarase nos termos previstos no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, polo que, unha vez revisados os expedientes, o órgano instrutor daralle traslado daqueles que reúnan todos os requisitos á Comisión de Avaliación, que aplicará os criterios de valoración sinalados no artigo seguinte.

5. A Comisión de Avaliación dos proxectos estará formada polas seguintes persoas: a persoa titular da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, que a presidirá; a persoa titular do Servizo do Libro, Publicacións e Depósito Legal; dúas persoas do ámbito da creación literaria galega de recoñecido prestixio e un membro do cadro de persoal da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, que actuará como secretario/a, con voz pero sen voto.

Se por calquera causa, no momento en que a Comisión de Avaliación teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puider asistir, será substituída pola persoa que para o efecto designe a persoa titular da Dirección Xeral de Cultura.



Na composición da Comisión de Avaliación procurarase acadar unha presenza equilibrada de homes e mulleres.

6. A convocatoria desenvolveranse mediante un proceso de avaliación continuo.

Con periodicidade trimestral, a Comisión de Avaliación elaborará un ditame en que se valorará cada unha das solicitudes de residencias presentadas. A avaliación e a selección efectuaranse en función dos criterios establecidos nestas bases, e valorarase cualitativamente e ponderarase a súa puntuación cos pesos establecidos.

7. A Comisión de Avaliación levantará unha acta en que conste a valoración efectuada e trasladaralla ao órgano instrutor.

Artigo 17. *Criterios de valoración*

1. A Comisión de Avaliación poderá desenvolver e/ou concretar o alcance e a puntuación das diferentes epígrafes descritas asociadas ao proceso de selección e avaliación por cada unha das áreas temáticas ou, de ser o caso, xeográficas.

2. Para a adxudicación das subvencións avaliaranse as solicitudes consonte criterios que se sustenten nas seguintes variables e puntuacións máximas:

2.1. Perfil da entidade ou institución para a cal se solicita a estadía. Valorarase a solvencia e o prestixio da entidade, así como a aposta pola innovación e a súa singularidade. Adxudicaráselle un máximo de 30 puntos.

2.2. Perfil da persoa creadora candidata, así como carta de motivación e a proposta do proxecto que vai desenvolver durante a súa residencia. Valorarase o currículo, o proxecto presentado para o seu desenvolvemento durante a súa estadía, o exposto na súa carta de motivación e os obxectivos que espera acadar no seu desenvolvemento profesional e creativo. Adxudicaráselle un máximo de 30 puntos.

2.3. Alcance do programa respecto ás prestacións técnicas, aspectos formativos e práctica creativa e/ou de investigación. Examinarase o programa formativo, a especialización nunha área creativa cunha oferta limitada de residencias, o perfil do profesorado, as instalacións para talleres ou lugares de traballo, os materiais e equipamentos ao dispor dos residentes. Adxudicaráselle un máximo de 20 puntos.

2.4. Coherencia formal e eficiencia económica da solicitude presentada. Valorarase a consistencia, a calidade, o rigor e a organización da información achegada na proposta



enviada. Así mesmo, terase en consideración a eficiencia económica do programa de residencia atendendo á adecuación do orzamento solicitado para o desenvolvemento desta. Adxudicaráselle un máximo de 20 puntos.

3. Non se valorará ningún mérito ou característica dun proxecto que non conste explicitamente na solicitude; tampouco se terán en conta os méritos alegados e non acreditados documentalmente, sen que proceda facer o requirimento a que se refire o artigo 13.

Artigo 18. *Listaxes provisionais e proposta de resolución*

1. O órgano instrutor, á vista dos expedientes e da acta da Comisión de Valoración, elaborará a listaxe provisional de persoas excluídas por non reuniren todos os requisitos, así como das persoas admitidas e a puntuación acadada. Estas listaxes publicaranse no portal da Dirección Xeral de Cultura (<http://www.cultura.gal>).

2. As persoas solicitantes disporán dun prazo de dez días para formular alegacións ante as listaxes provisionais.

3. O órgano instrutor examinará as alegacións recibidas e, se é o caso, daralle traslado delas á Comisión de Valoración para que avalíe os méritos alegados. Á vista de toda a documentación, elaborará as listaxes definitivas de persoas excluídas e admitidas, coa puntuación acadada por estas.

4. O órgano instrutor ditará a correspondente proposta de resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a persoa solicitante, o proxecto que se subvenciona, a puntuación obtida, así como a contía da subvención concedida e, se procede, o pagamento anticipado ou, de ser o caso, a causa de denegación, e elevaralla ao órgano competente para resolver.

5. O órgano instrutor elevaralle a proposta de resolución á persoa titular da Dirección Xeral de Cultura, quen resolverá por delegación da persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Artigo 19. *Resolución*

1. A persoa titular da Dirección Xeral de Cultura, por delegación da persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo de quince (15) días desde a elevación da proposta de resolución da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, ditará a resolución de concesión de acordo co disposto no artigo 34



do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Nesta resolución incluírse a relación de beneficiarios, as cantidades concedidas, a puntuación total obtida na valoración dos méritos, o centro de destino onde desenvolverán o seu período de residencia e as datas de estadía, así como as causas que determinaron a exclusión das restantes solicitudes.

2. A resolución seralle notificada a cada unha das persoas interesadas. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución non poderá superar os dous meses desde que a resolución sexa firme.

Así mesmo, farase pública no portal <https://www.cultura.gal>

3. A publicación da resolución de adxudicatarios/as realizarase periodicamente e, especificamente, nos meses de:

Setembro de 2023: para as solicitudes recibidas entre o día seguinte á publicación da orde ata o 31 de agosto de 2023. Data do evento: 1.1.2023 ao 15.12.2023.

Novembro de 2023: para as solicitudes recibidas entre o 1 de setembro e o 30 de outubro de 2023. Data do evento: 1.9.2023 ao 15.12.2023.

4. A persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo ao vencer o prazo máximo sen que se notifique a resolución expresa.

5. De xeito excepcional, cando as circunstancias dunha solicitude requiran xustificadamente a reunión da Comisión por un período inferior ao estipulado no punto anterior, publicarase a correspondente resolución.

6. Tamén se lles deberá comunicar ás persoas beneficiarias autónomas o importe da axuda (en equivalente bruto de subvención) e o seu carácter de axuda *de minimis* exenta en aplicación do Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE do 24 de decembro de 2013, L352/1).

Artigo 20. *Publicación dos actos*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través dos seguintes medios:



1. Portal web oficial da Dirección Xeral de Cultura (<https://www.cultura.gal>), onde, ademais de obter os modelos normalizados de solicitude, se poderá descargar o texto íntegro desta orde.

2. Así mesmo, poderá obterse información xeral deste procedemento na Guía de procedementos e servizos na páxina web da Xunta de Galicia (<https://www.xunta.gal>).

Artigo 21. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 22. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación realizada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e



as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán crear de oficio o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 23. *Aceptación das subvencións*

1. As persoas beneficiarias disporán dun prazo de dez (10) días para a aceptación da subvención, contados desde o día seguinte á data de realización da notificación individual ou da publicación da resolución no portal web da Dirección Xeral de Cultura. Transcorrido este prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

2. As persoas beneficiarias deberán comezar a residencia na data establecida na resolución de concesión correspondente.

3. Quedará sen efecto a concesión ás persoas beneficiarias que:

- a) Non acepten a subvención.
- b) Non dean comezo á estadía na residencia no prazo establecido sen causa suficiente.

Artigo 24. *Obrigas das persoas beneficiarias*

As persoas beneficiarias quedan obrigadas a:

- a) Dar comezo á residencia na data sinalada na resolución.
- b) Destinar a residencia e a correspondente estadía ao estipulado no proxecto de creación presentado coa solicitude.



c) Se para a realización da actividade obxecto da subvención se utiliza calquera elemento susceptible de xerar dereitos de autor, debe cumprirse co que dispón a normativa sobre propiedade intelectual.

d) Cumprir o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

f) Dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Artigo 25. *Pagamento*

1. De acordo co artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase como efectivamente pagado o gasto cando quede xustificado o pagamento.

2. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito á subvención total ou parcial, segundo proceda, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto nos artigos 9 e 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

3. Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de realizar o seu pagamento, poderá efectuar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da finalidade da subvención.

4. Mediante resolución motivada poderán efectuarse pagamentos anticipados, de conformidade co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.



Deste xeito as persoas beneficiarias recibirán un pagamento anticipado do 50 % do importe da subvención concedida, de acordo co establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia. O pagamento do importe restante (50 %) realizarase unha vez xustificado o cumprimento da finalidade da subvención.

O importe do anticipo non poderá exceder a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

5. Procederá a minoración da subvención concedida cando o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que esta minoración, debidamente xustificada pola persoa beneficiaria, non supoña unha realización deficiente da actuación subvencionada.

Artigo 26. *Xustificación*

1. Só se financiarán os gastos realizados que respondan de xeito directo e indubidable á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para a súa realización.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a persoa beneficiaria da subvención deberá xustificar que os gastos subvencionables deberán ter sido aboados nos prazos de pagamento previstos na normativa sectorial de aplicación ou, na súa falta, nos establecidos na Lei 3/2004, de morosidade nas operacións comerciais.

2. O prazo para xustificar as axudas será:

– Para a participación en residencias realizadas ata a data de aceptación da axuda, 10 días hábiles desde a data de aceptación.

– Para a participación en residencias que teñan lugar con posterioridade á data de aceptación, 15 días hábiles desde o remate da actividade subvencionable.

3. As persoas beneficiarias das axudas, para percibir a subvención, quedan obrigadas a acreditar a realización dos gastos subvencionados e a xustificalos, no prazo establecido na presente orde.



4. Para a xustificación das axudas deberá presentarse a seguinte documentación:

a) Certificación de ter rematado a estadía con especificación do lugar e das datas de realización, emitido pola entidade organizadora, de ser o caso, ou ben calquera outro xustificante oficial da participación da persoa beneficiaria da axuda.

b) Memoria das actividades levadas a cabo en relación coa finalidade da subvención solicitada, con indicación do título e do número das actividades realizadas, que deberá estar asinada pola persoa beneficiaria.

c) Documentación acreditativa da subscrición da póliza de seguro de viaxe, de ser o caso.

d) Documentación acreditativa da subscrición da póliza de seguro médico, de ser o caso.

e) Documentación acreditativa da vixencia da tarxeta sanitaria europea, de ser o caso.

f) Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor, do documento de gasto ou factura, o importe, a data de emisión e a data de pagamento. No caso de desprazamentos fóra da zona euro, terá que indicar a conversión a euros dos gastos xustificadas, segundo establece o Banco de España ou os bancos nacionais de referencia. Terase en conta o valor da conversión de data anterior á finalización da estadía.

Xunto coa relación clasificada dos gastos deberase certificar que as facturas corresponden ás actividades obxecto da subvención. Así mesmo, deberá achegar as facturas e os xustificantes de pagamento de todos os gastos pola persoa beneficiaria (transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso en efectivo polo portelo, certificación bancaria), en que conste o número da factura obxecto do pagamento, segundo establece o punto 5 deste artigo. Deberá empregar o modelo establecido no anexo II.

5. Considéranse documentos xustificativos do pagamento das facturas os seguintes:

a) Xustificante bancario do pagamento pola persoa beneficiaria (transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso en efectivo polo portelo ou certificación bancaria), en que conste o número da factura obxecto do pagamento. Identificación da persoa que realiza o pagamento, que deberá coincidir coa persoa beneficiaria da axuda. Identificación da persoa destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa e/ou entidade que emitiu a factura.



b) Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por proveedor, sexa inferior a 1.000 €. Neste caso, o pagamento xustificárase mediante a factura asinada e selada polo proveedor en que figure a expresión «recibín en metálico».

6. A Dirección Xeral de Cultura poderalles requirir en todo momento ás persoas solicitantes que acheguen a documentación complementaria que considere necesaria co fin de completar a solicitude e xustificar a axuda.

7. Esta documentación dirixirase á Dirección Xeral de Cultura, Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, con data límite a de finalización do período de xustificación, sempre que non se opoña ao que se estableza na orde da Consellería de Facenda e Administración Pública que regule as operacións de peche de exercicio.

8. A documentación requirida na fase xustificativa deberá presentarse electronicamente accedendo ao expediente do presente procedemento na Carpeta cidadá da persoa física que presentou a solicitude de inicio, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidada>, mediante o formulario normalizado habilitado para o efecto a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

9. Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, segundo recolle o artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 27. *Perda do dereito á subvención e procedemento sancionador*

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, das subvencións e axudas públicas percibidas cando concorra calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No caso de que a persoa beneficiaria da axuda incumprise algunha das condicións ou obrigas estipuladas, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades instruirá o correspondente expediente sancionador, de conformidade co previsto no título IV da Lei 9/2007, citada no punto anterior.

3. Toda alteración das condicións observadas para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.



Artigo 28. Controis

A consellería competente realizará actuacións de seguimento e control das axudas concedidas que considere oportunas, ben con medios propios ou externos, co fin de comprobar o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e o destino definitivo. A persoa beneficiaria estará obrigada a colaborar no labor de control, para o que proporcionará os datos requiridos.

Artigo 29. Comprobación das subvencións

1. O órgano concedente comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actuación e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

2. Será aplicable o disposto no artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 30. Recursos

A resolución pon fin á vía administrativa, de acordo co artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e contra ela cabe interpor recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, contado a partir da data de notificación, ou recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a data de notificación.

Disposición derradeira primeira

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Cultura, no ámbito das súas competencias, para que dite as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2023

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 29.7.2022)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades




**XUNTA
DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

ANEXO I

| | | |
|--|---|-------------------------|
| PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA A PARTICIPACIÓN DE PERSOAS CREADORAS GALEGAS EN RESIDENCIAS LITERARIAS FÓRA DE GALICIA | CÓDIGO DE PROCEDEMENTO CT215D | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|--|---|-------------------------|

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

| | | | |
|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| TIPO | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| ANDAR | PORTA | | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | | |
| PARROQUIA | LUGAR | | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | | |
| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| TELÉFONO 1 | TELÉFONO 2 | CORREO ELECTRÓNICO | |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | |

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

| | | | |
|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Envíaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

| | |
|----------------------|----------------------|
| TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> |


DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

| | |
|----------------------|--|
| TITULAR DA CONTA | NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) |
| <input type="text"/> | IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> |

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO

| | |
|---|----------------------|
| TÍTULO DA RESIDENCIA PARA A CAL SOLICITA SUBVENCIÓN | |
| <input type="text"/> | |
| LUGAR DE REALIZACIÓN | DATAS DE REALIZACIÓN |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> |

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> Formas previstas na súa norma reguladora



A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | IMPORTE (€) |
|-----------|-------------|
| | |
| | |
| | |

2. Que, en relación coas axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | ANO | DISPOSICIÓN REGULADORA | IMPORTE (€) |
|-----------|-----|------------------------|-------------|
| | | | |
| | | | |
| | | | |

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

- 3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- 4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 6. Estar ao día do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 7. Que cumpre os requisitos establecidos no artigo 5 desta orde para poder ser persoa beneficiaria.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

| | | | |
|--|---------------|----------------------|------------|
| <input type="checkbox"/> Proxecto de creación: | | | |
| <input type="checkbox"/> Título e texto explicativo do proxecto literario que desenvolverá na residencia | | | |
| <input type="checkbox"/> Perfil da entidade ou institución onde se vaia realizar a residencia para a cal solicita a axuda | | | |
| <input type="checkbox"/> Currículo resumido do/da creador/a | | | |
| <input type="checkbox"/> Expediente artístico. Os/as creadores/as poderán achegar información sobre outros traballos. | | | |
| <input type="checkbox"/> Carta de motivación | | | |
| <input type="checkbox"/> Obxectivos que agarda acadar | | | |
| <input type="checkbox"/> Orzamento desagregado por partidas ou conceptos que inclúa calquera gasto que xere a intervención (impostos incluídos). Non poderán ser incluídos os gastos de edición. | | | |
| <input type="checkbox"/> Documentación, debidamente formalizada, acreditativa da aceptación de participación na residencia para cuxa estandía solicita a subvención | | | |
| <input type="checkbox"/> Documentación, debidamente formalizada, acreditativa do compromiso de edición da obra resultante do proxecto presentado por parte dunha editora legalmente constituída (contrato de edición ou calquera outro documento acreditativo) | | | |
| | ÓRGANO | CÓD. DE PROC. | ANO |
| <input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da representación | | | |




COMPROBACIÓN DE DATOS

| Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos. | OPÓÑOME Á CONSULTA |
|--|--|
| DNI/NIE da persoa solicitante | <input type="checkbox"/> |
| DNI/NIE da persoa representante | <input type="checkbox"/> |
| Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social, de ser o caso | <input type="checkbox"/> |
| Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia | <input type="checkbox"/> |
| Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas | <input type="checkbox"/> |
| Consulta de concesións de subvencións e axudas | <input type="checkbox"/> |
| Consulta de concesións pola regra <i>de minimis</i> | <input type="checkbox"/> |
| CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente. | AUTORIZO A CONSULTA |
| NIF da entidade representante, de ser o caso | <input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non |
| Alta no imposto de actividades económicas (IAE), de ser o caso | <input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non |
| Certificado de estar ao día no pagamento do imposto de actividades económicas (IAE) ou da exención do pagamento, de ser o caso | <input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non |
| Certificado de domicilio fiscal | <input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non |
| Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) | <input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non |

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

| | |
|--|--|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Dirección Xeral de Cultura. |
| Finalidades do tratamento | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúense na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. |
| Lexitimación para o tratamento | O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. |
| Destinatarias dos datos | As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos) |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información | (https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos) |

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sece.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora



**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**ANEXO I**
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**


- Orde do 12 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a participación de persoas creadoras galegas en residencias literarias fóra de Galicia, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento CT215D).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Cultura

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sedec.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: kpkwauz6-uol4-x9x5-xpp5-1j0h9bitulj1

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS

CT215D - SUBVENCIÓNS PARA A PARTICIPACIÓN DE PERSOAS CREADORAS GALEGAS EN RESIDENCIAS LITERARIAS FÓRA DE GALICIA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

| | | | |
|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

| | | | |
|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | IMPORTE (€) |
|-----------|-------------|
| | |
| | |
| | |

 2. Que en relación coas axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
 Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | ANO | DISPOSICIÓN REGULADORA | IMPORTE (€) |
|-----------|-----|------------------------|-------------|
| | | | |
| | | | |
| | | | |

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que está ao día no cumprimento das obrigas fronte á Seguridade Social e non ten pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

4. Que os gastos que a continuación se relacionan corresponden á estadia na seguinte residencia:

Debe cubrirse un anexo II por cada residencia subvencionada.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
 Relación de gastos da actividade

| Nº DE ORDE | CONCEPTO | Nº DE FACTURA | ACREDOR/A | DATA DE EMISIÓN | DATA DE PAGAMENTO | IMPORTE TOTAL EN EUROS* (impostos engadidos) |
|------------|----------|---------------|-----------|-----------------|-------------------|--|
| | | | | | | |

* Conversión a euros dos gastos xustificadas, segundo establece o Banco de España ou os bancos nacionais de referencia. Terase en conta o valor de conversión de data anterior á finalización da estadia, de ser o caso de desprazamentos fóra da zona euro.

- Certificación de ter rematado a estadia, con especificación do lugar e das datas de realización
 Memoria das actividades levadas a cabo en relación coa finalidade da subvención solicitada, con indicación do título e do número das actividades realizadas
 Documentación acreditativa da subscripción da póliza de seguro de viaxe, de ser o caso
 Documentación acreditativa da subscripción da póliza de seguro médico, de ser o caso
 Documentación acreditativa da vixencia da tarxeta sanitaria europea, de ser o caso
 Xustificantes bancarios do pagamento pola persoa beneficiaria (transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso en efectivo polo portelo, certificación bancaria), en que conste o número da factura obxecto do pagamento, segundo establece o artigo 25.5 da presente orde



**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADESANEXO II
(continuación)

- Factura asinada e selada polo/a provedor/a en que figure a expresión «recibín en metálico», segundo establece o artigo 25.5.b) da presente orde
- Outra documentación

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Cultura

**XUNTA
DE GALICIA**